



A CIG-Ensino propondrá novas mobilizacións docentes tras unha semana de silencio por parte da Consellaría e a negativa da minoría sindical a unirse

O sindicato maioritario insta ao conselleiro de Educación a que imite o titular de Sanidade que o pasado venres se involucrou persoalmente na reunión cos sindicatos para intentar frear a folga en Atención Primaria.

A CIG-Ensino lamenta que CCOO, ANPE e UGT prefiran seguir negociando na comisión de seguimento dun acordo que rexeitou a maioría do profesorado por “insuficiente” antes que sumarse ao clamor docente posto de manifesto nas mobilizacións deste curso.

Recuperar e Avanzar en Dereitos

Ensino Público Galego con Futuro

Unha semana despois de que a CIG-Ensino se dirixira por escrito ao conselleiro de Educación, Román Rodríguez, solicitándolle a apertura inmediata de negociacións despois das tres xornadas de folga, da manifestación de setembro e dos peches nos centros educativos, este segue sen dar ningún paso adiante nin convocar ningunha reunión para tratar a táboa reivindicativa que levou ao curso máis conflitivo dos últimos corenta anos en Galiza.

Paralelamente neste tempo a CIG-Ensino e STEG reuníronse co resto de sindicatos con representación nas últimas eleccións sindicais (CCOO, ANPE, UGT e CSIF) para explorar a

posibilidade de que estes se uniran á convocatoria de mobilizacións. A primeira reunión tivo lugar o día 7 e a segunda esta mesma mañá. A minoría sindical que asinou o “Acordo de melloras” pediu tempo para valorar que facer dado que o venres pasado tiñan de novo outra reunión da comisión de seguimento dese acordo coa Consellaría. Finalmente, despois de dez días trasládannos que non se unen porque só queren seguir negociando dentro do seguimento do acordo, sen ter en conta todas as reivindicacións que reclama o profesorado galego e que non están recollidas neste ou son insuficientes.

Novas mobilizacións

A CIG-Ensino lamenta tanto a inacción da Consellaría de Educación como a actitude das organizacións asinantes do acordo, e esta mesma semana propondrá novas mobilizacións porque non vai abandonar o profesorado até conseguir melloras reais laborais e para o ensino público en xeral.

En primeiro lugar, a CIG-Ensino lamenta que o conselleiro de Educación non aproveitara o retiro do goberno galego desta fin de semana en Armenteira para **reflexionar sobre o**

malestar e a fartura do persoal docente e sobre as necesidades do alumnado do ensino público galego.

En concreto, unha vez máis, a súa actitude contrasta coa do conselleiro de Sanidade que o pasado venres se involucrou persoalmente reuníndose cos sindicatos para intentar frear as folgas na Atención Primaria que a CIG convoca para os días 26, 27 e 28 de novembro. Isto mesmo foi o que aconteceu antes das eleccións autonómicas nas que tamén o daquela conselleiro de Sanidade participara directamente nas negociacións que deron pé ao acordo de melloras laborais no SERGAS. Pola contra, **Román Rodríguez non participou nin nas negociacións do Acordo de Melloras, nin na súa sinatura**

nin agora respondendo ás demandas do profesorado galego malia levar tres xornadas de folga en dous meses de curso.

Por outra banda, a CIG-Ensino lamenta que CCOO, UGT e ANPE rompan o intento da unidade sindical e prefiran seguir baixo o paraugas da comisión de seguimento dun acordo que o profesorado rexeitou clamorosamente hai dous anos e que se demostrou claramente insuficiente mesmo con denuncias nos xulgados pola súa parte. O feito de que esta minoría sindical **se poña do lado dunha Consellaría que despreza ao profesorado, ás familias e ao alumnado con políticas de recortes continuados tanto de dereitos como de persoal mentres aumenta exponencialmente a propaganda, amosa cales son as prioridades destas tres organizacións.**

A táboa reivindicativa da CIG-Ensino é clara e coñecida por todo o profesorado e por toda a sociedade galega, polo que coa finalidade de recuperar dereitos roubados e de avanzar noutros novos, esta mesma semana **proponse un calendario de mobilizacións para o que queda de trimestre** co fin de acadar as melloras laborais que reclama desde hai 15 anos o profesorado galego e que se axusten á realidade actual dos centros de ensino.

Nin nos rendemos

nin nos vendemos

A CIG-Ensino emprendeu un curso de loita cun obxectivo claro: acadar melloras laborais docentes e para o ensino público galego porque é o que quere unha maioría do profesorado.



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal